



1. CONFERENCIA: MONTERO RÍOS E O DEREITO (19.02.2015)

No marco dos actos de homenaxe ao centenario do pasamento de don Eugenio Montero Ríos (1832-1914), nos que participan o Concello de Santiago de Compostela, a Cámara de Comercio, o Ateneo de Santiago, a USC, a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e este Colexio de Avogados, impartirase a conferencia titulada “Montero Ríos e o dereito” a cargo de don Modesto Barcia Lago (avogado, ex-decano do ICA de Pontevedra e escritor).

Día: 19.02.2015

Hora: 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Entrada: libre

2. CRITERIOS DE HONORARIOS. IPC PARA O 2015: 8,4 %

Segundo o estipulado nos principios xerais dos Criterios de honorarios do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para a taxación de custas do ano 2009, no apartado sobre incremento do IPC, “Os importes orientadores contidos nos presentes criterios **actualizaranse anualmente** co incremento do IPC correspondente”. **Tendo en conta que o IPC do 2014 foi negativo (-1 %)**, a Xunta de Goberno, na sesión do día 04.02.2015, tomou o acordo de fixar o IPC que se aplicará ás cantidades orientadoras das minutas **durante o 2015 nun 8,4 %**.

Esta actualización do IPC **só se aplicará ás cantidades orientadoras** que figuran en cada norma, nunca ás cantidades resultantes de aplicar a escala tipo.

3. ACTUALIZACIÓN DE DATOS PARA A GUÍA COLEXIAL 2015

Coma todos os anos, o Colexio de Avogados vai editar proximamente a Guía Colexial 2015. Ábrese un prazo de 10 días para que os colexiados/as que desexen actualizar os seus datos profesionais o comuniquen na secretaría do colexio.

Así mesmo, os letrados/as que desexen incorporar unha foto nesta guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización por escrito para a súa publicación.